


MEMORIA ACTIVIDADES NO 2015

CONTIDO

- 1 REDMADRE: UNHA RED NACIONAL DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA
- 2 PROXECTO NAIS E FILL@S
- 3 PROXECTO MARINA
- 4 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2015 NO PROXECTO NAIS E FILL@S
- 5 ACCIÓNS LEVADAS A CABO E LOGROS
- 6 ENTIDADES COLABORADORAS



1 REDMADRE: UNHA RED NACIONAL DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA

REDMADRE Pontevedra é unha das 42 asociacións españolas que actualmente colaboran coa Fundación REDMADRE, para desenrolar os fins propios desta entidade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Con carácter xeral, a Fundación REDMADRE pretende crear unha rede nacional asistencial de información, apoio e acompañamento á embarazada en situación de exclusión ou desventaxa social.

1.1 A Asociación REDMADRE Pontevedra

É unha asociación de iniciativa social, aconfesional e apolítica, constituída en Vigo en Xaneiro do 2008, con ámbito territorial provincial. Está inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 2008/011236-1 PO, e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº E-5127. No 2010 recibiu a mención de Utilidade Pública.

A Asociación é xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por unha Presidente, unha Vicepresidente, unha Secretaria, unha Tesoreira e un número máximo de catro vogais. Son designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato ten unha duración de catro anos. Os recursos económicos da Asociación proceden das cotas das/os socia/os e as subvencións e doacións que poida recibir no curso da súa actividade.

1.2 Obxecto social

A Asociación REDMADRE Pontevedra ten como obxectivo principal atender ás mulleres embarazadas e nais de fillas/os até 3 anos, en situación de dificultade, para que accedan en igualdade de oportunidades ós recursos que lle permitan levar adiante o seu embarazo e finalmente acaden a autonomía.

Os **fins de interes xeral** da Asociación, segundo os seus Estatutos son:

1. Promover-la concesión de axudas e sistemas de asistencia gratuitos á muller embarazada, tanto no sector público como no privado.
2. Asesorar ás mulleres sobre cómo superar calquer conflito xurdido ou causado por o seu embarazo, e informa-la sobre os apoios e axudas, tanto de orixe pública como privada, que poida recibir para facilitar-la súa maternidade.
3. Asistir e apoiar a toda muller embarazada na súa maternidade.
4. O desenrolo de programas de educación afectivo-sexual, coa finalidade de reduci-lo número de embarazos imprevistos.
5. Proporcionar asistencia psicolóxica a toda muller que a precise tra-la experiencia dun aborto.

6. O coidado e acollida da infancia máis desfavorecida.
7. A asistencia ás personas máis desfavorecidas, con especial atención á poboación inmigrante.
8. Promove-la conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de xeito que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Os **obxectivos específicos** de REDMADRE Pontevedra son:

1. Asesorar e axudar a toda muller sobre cómo superar calquera conflito xurdido ou causado por o seu embarazo, con medios como: mediación familiar, atención psicolóxica e emocional, acompañamento durante o embarazo, asesoramento xurídico, residencia e fogares de acollida, formación, bolsa de traballo, atención pediátrica...
2. Sensibilizar e difundir ante a opinión pública a necesidade de axudar e apoiar ás mulleres embarazadas e nais.
3. Atende-las necesidades materiais das mulleres embarazadas e nais con fillos/as até 3 anos.
4. Prestar especial atención ás mulleres emigrantes, novas, vítimas da violencia, con discapacidade o que esperan fillas/os con algunha. No caso das estudantes, procurar tódolos medios para compatibiliza-la maternidade co bo fin dos seus estudos.
5. Crear unha rede de voluntariado que atenda personalmente ás/os usuarias/os.
6. Colaborar coas Asociacións e Entidades que xa traballan en apoio das mulleres embarazadas e nais sen recursos, promovendo tamén a creación de recursos asistenciais, económicos, sociais, etc.
7. Información e formación afectivo-sexual de adolescentes baseada na responsabilidade e o respecto á persoa.

1.3 Beneficiarias/os dos servizos da Asociación

- a. Toda muller embarazada ou nai con fillos/as menores de 3 anos que precisen información, orientación ou asesoramento para supera-los conflitos que se lle presenten durante a xestación, lactancia e até os 3 primeiros anos de vida da/o súa/seu filla/o. Residentes na provincia de Pontevedra ou en zonas limítrofes das outras tres provincias galegas, por acordos coas asociacións REDMADRE de A Coruña e Ourense.
- b. A súa parella e fillas/os.

Este xaneiro do 2016 cumprimos 8 anos de actividade dirixida á atención psicosocial de mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade e que se materializou ata agora na atención de máis de 1000 mulleres na provincia de Pontevedra, aos seus fillos/as e a outros membros das súas familias



2 PROXECTO NAIS E FILL@S

2.1 Obxectivo

Dende o ano 2008, a Asociación ven desenrolando o Proxecto Nais e Fill@s (previamente denominado Nais), un proxecto permanente de programación anual. O Proxecto Nais e Fill@s tem como meta o apoio integral e individualizado ás mulleres embarazadas ou nais recentes, ate acadar a autonomía persoal.

2.2 Accións do Proxecto Nais e Fill@s

- a) Atención bio-psico-social antes, durante e tra-lo embarazo ou aborto.
- b) Asesoramento legal, laboral e administrativo.
- c) Orientación e información sobre os recursos dispoñibles e derivación e seguimento.
- d) Axuda ás nais xestantes na adquisición de habilidades sociais e aquelas relacionadas co coidado do bebé.
- e) Axuda ás nais para a formación e a (re)integración social e laboral.
- f) Axuda material ás nais e fillos/as (leites, cereais, cueiros, roupa e enseres de neno: berces, carriños, cadeiras de seguridade, etc.)

2.3 Fases da atención

Fase uno. Acollemento

As usuarias proceden dos sistemas de detección e acceso seguintes:

- Derivación de servizos sociais e/ou sanitarios
- Difusión a través de medios de comunicación
- Institucións de iniciativa social
- Por contacto directo (telefónico, correo electrónico ou páxina web)

Neste primeiro contacto, a coordinadora recibe á nova usuaria no centro REDMADRE de Vigo ou Pontevedra, onde cumprimenta a ficha social e pediráselle a documentación precisa, segundo o caso.

Fase dous. Reconstrución da demanda

Unha vez cumprimentada a ficha social, valórase a demanda explícita (necesidades que expresa a usuaria) e implícita (necesidades descubertas pola coordinadora nunha primeira valoración da situación), para a confección dun plan de traballo adecuado e integral (PSP).

As usuarias clasifícanse en tres grados de atención: grado ún para as usuarias que necesitan acompañamento, grado dous para aquelas que non precisan acompañamento pero sí un seguimento mensual para supervisar que van cumprindo os obxectivos marcados, e grado tres para as usuarias que só precisan

axuda material (alimentación, produtos hixiene, roupa, cueiros ou enseres do bebé,...).

Fase tres. Explicación da metodoloxía de traballo

Levaráse a cabo mediante a exposición das condicións fundamentais e formas de traballo da asociación. Estas normas fundamentais son:

- En REDMADRE case todos somos voluntarios/as e os nosos recursos son limitados, polo que temos que ser coidadosos no seu uso: enseres, roupa, etc. O tempo é tamén un recurso escaso, polo que cumpre respetar-las horarios e datas de entrevista, avisando con antelación se non se pode asistir.
- No PSP o compromiso é polas dúas partes: a asociación comprométese cunhas accións de apoio, e a usuaria comprométese á asistencia as actividades de formación, procura de emprego, entrevistas, etc. que detalle o seu PSP.
- En caso de incumprimento das condicións acordadas, e se non se chega a un entendimento, o compromiso queda suspendido.

Fase catro. Realización do plan de traballo

A tódalas usuarias pídeselles unha documentación que deberán entregar obrigatoriamente.

Dacordo coa documentación recibida e os resultados da entrevista, a coordinadora elaborará o proxecto personal ou plan de traballo (PSP), que detallará as medidas e prazos de seguimento.

Fase cinco. Visita domiciliaria

A coordinadora realizará, sempre que poida, unha visita domiciliaria para comproba-la situación da usuaria e realizar un informe social do caso.

Fase seis. Seguimento e supervisión

Coordinadora e usuaria establecen de común acordo as reunións de revisión de obxetivos, que quedan reflectidas no historial da usuaria.

Nos casos no que sexa considerado necesario pola coordinadora, asignaráselles unha persoa voluntaria para o seguimento cercano do caso.

Fase sete. Fin da relación e desvinculación

Ao término do PSP, cando se cumplan os obxetivos marcados, ou a/o filla/o cumpra 3 anos, terminará a relación entre as partes. A coordinadora fará unha entrevista de desvinculación, que aportará retroalimentación para a mellora dos procedimentos de traballo da asociación.

2.4 Difusión

Difusión dos servizos da Asociación entre a poboación destinataria, principalmente mulleres novas e inmigrantes, mediante entrega de folletos en COF, CIM, centros hospitalarios e de ensino, farmacias, asociacións de emigrantes, etc.

3 PROXECTO MARINA

3.1 Obxectivo

Neste 2015 a Asociación comezou un novo programa, o proxecto MARINA. O Proxecto Marina tem como meta apoiar ás nais con necesidades especiais (problemas de saúde mental, vítimas de violencia, vítimas de trata, marxinación, toxicomanías, discapacidade, entre outros) para que logren a súa autonomía e acaden a igualdade de oportunidades sen ter que renunciar ás súas fillas/os. Proporciona apoio psicosocial especializado.

3.2 Accións do Proxecto MARINA

- **“TI CONTAS”**, no que se lle ofrece á muller a posibilidade de falar abertamente da situación que está vivindo e as súas repercusións no seu estado emocional e as relacións co seu entorno social.

A través de entrevistas persoais coa usuaria, se analiza e availa a súa situación, se realiza a intervención en diferentes sesións nas que se definen os obxectivos persoalizados e a súa temporización, se ofrece formación en habilidades e recursos segundo as súas necesidades. Se fai seguemento e avilación de resultados. Se é preciso, se deriva á usuaria a outro servizo externo ou profesional.



- **“CONTAS CON NOS”**, que consiste en proporcionar, se é preciso, acompañamento especializado por parte dunha voluntaria na posta en marcha das habilidades de que dispón a nai para facer fronte a súa situación e tentar melloralala.
- **“ACOMPÑAME 2”** adicada a proporcionar apoio e pautas de actuación ás voluntarias de atención a nais con necesidades especiais.

3.3 Usuaris atendidas no proxecto MARINA no 2015

Neste proxecto se han atendido no 2015 a 18 mulleres xestantes e lactantes con necesidades especiais.


4 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2015 NO PROXECTO NAIS E FILL@S

Dende xaneiro e ate decembro do ano 2015, a Asociación REDMADRE Pontevedra atendeu en total a 222 mulleres. Tivo inscritas no Proxecto Nais e Fill@s no 2015 a 181 mulleres, entre mulleres xestantes e lactantes. Ademais das mulleres atendidas, atendéronse tamén de forma directa ou indirecta (con axuda material, conciliación familiar, entrevistas, visitas no nacemento, etc.) a 239 fillos/fillas, e a outros membros da unidade familiar (86 persoas). E dicir, en total con este proxecto atendéronse 506 persoas.

Nas estadísticas que se axuntan queda reflectida a nacionalidade das mulleres atendidas neste proxecto (un total de 181 mulleres): o 55% foron inmigrantes e un 45% españolas. Un 18% menores 20 anos. Ademais, un 82% estaban sen emprego. A maioría presentaba unha grave precariedade económica e un 13% non contaban con ningún tipo de apoio, nin familiar nin da parella. Un 92% solicitó ayuda material, un 63% recibiu apoio emocional y/o psicológico.


4.1 PERSOAS ATENDIDAS NO PROXECTO

Mulleres	181
Nenos/as	239
Parellas	53
Outros familiares	33



4.2 IDADE DAS MULLERES e FORMA DE CONTACTO BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

<16	1
16 - 20	31
21 -25	35
26 -30	33
31-40	73
>40	8



Forma de contacto

Boca a boca	80
Teléfono e internet	22
Atendidas anteriormente	5
Derivadas de ONXs, Servizos Sociais e Centros de Saúde	74

4.3 NACIONALIDADE DAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA


Española	85
Africana	26
Latinoamericana	44
Asiática	1
Otros países europeos	25



RETORNARON O SEU PAIS: 6 mulleres.

4.4 SITUACIÓN LABORAL BENEFICIARIAS NA PRIMEIRA ENTREVISTA


Con Trabajo	26
Desemplegadas	149
Estudiantes	6



4.5 SITUACIÓN PERSOAL BENEFICIARIAS PRIMEIRA ENTREVISTA

Con apoio da parella	129
Sen apoio da parella	52


Sen apoio da parella nin da familia	23
-------------------------------------	----



Embarazada sen fillos/as	48
Embarazada con máis fillos/as	44
Nai recente	89

4.6 SEMANAS DE XESTACIÓN NA PRIMEIRA ENTREVISTA, DAS MULLERES XESTANTES

<= 12 semanas de xestación	21
13-22 semanas de xestación	30
>22 semanas de xestación	41



Durante o 2015 deron a luz 81 nais beneficiarias, e estamos á espera do nacemento doutros 10 nenos/as.

4.7 BENEFICIARIAS DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO PROGRAMA, ENTRE OUTRAS.


Derivadas a cursos de formación	31
Participaron en charlas formativas	53
Búsqueda activa emprego	142
Atoparon traballo	16

4.8.- BENEFICIARIAS DOUTRAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO

Orientación e información	181
Apoio emocional e psicolóxico, mediación familiar	114
Asesoramento xurídico	6
Derivación a asistencia médica	5

4.9 BENEFICIARIAS ATENDIDAS COA COLABORACIÓN DOUTRAS INSTITUCIONS PÚBLICAS OU PRIVADAS.

ONXs (Ayuvi, Cáritas, Cedro, Madro, Cruz Roja, Faraxa, Banco de Alimentos...)	68
Servicios Sociais	31
Centros de Acollida	2
Centros de Saúde	19



5. ACCIÓNS LEVADAS A CABO E LOGROS

No ano 2015 recibemos moitas consultas telefónicas relativas a Nais e Fill@s e atendimos no proxecto a 181 mulleres, 239 fillas/os, e a outros 86 membros da unidade familiar.

A actuación da REDMADRE Pontevedra baséase na metodoloxía PSP (Proxecto Psicosocial Personalizado), polo que as actuacións dependen das necesidades das usuarias e dos obxetivos fixados individualmente. De xeito breve, as actuacións ao longo do ano 2015, ademais do apoio emocional e psicolóxico, teñen sido:

▪ Axuda material puntual

- Cueiros: 80 nais en programa de entrega mensual de cueiros.
- Distribución de alimentación maternal e infantil, maioritariamente de cereales e leites de continuación: 166 nais e 2.500 kg distribuídos. En particular, 724 botes de leite 1, leite 2, leite 3. Os alimentos proceden do Banco de Alimentos de Vigo e Pontevedra, da Fundación REDMADRE, a Fundación La Caixa e de doazóns de empresas.
- Enxoval básico de lactante (berce, carriño e roupa): 82 nais, en coordinación coa asociación AYUVI de Vigo e doantes da provincia. Se entregaron 50 canastillas e 82 carriños de bebé.

▪ Procura de emprego

- Realización de CV, proporción de ofertas de emprego axustadas ao perfil da usuaria e preparación da entrevista de traballo.
- 31 nais foron derivadas a cursos de formación.
- 16 nais atoparon traballo.

▪ Acompañamento ao longo da xestación e ate a autonomía:

- Acompañamento en seguimento médico do embarazo a 5 nais.
- Intervencións por deterioro do ambiente familiar ou de relación con parella: 10 familias en programa de mediación familiar.

▪ Asesoramento xurídico

- Xestión de permisos de residencia e traballo, e asesoramento legal: 6 nais.

5.1. Accións de difusión e contacto institucional

- Aparicións nos medios de comunicación: múltiples aparicións en prensa local, 4 aparicións en prensa autonómica (como REDMADREGalicia), 4 aparicións en radio local.
- Reparto de material publicitario en farmacias, Centros de salud, COF e hospitais.
- Difusión de eventos e noticias nas redes sociais: www.redmadre.es/galicia y facebook: megustaredmadre.
- Celebración da **VI Cea Solidaria REDMADRE** o 14 de novembro en “A Casona da Torre” en Redondela. O evento asistiron perto de 200 persoas, entre amigos, autoridades e a Directora Xeral da Fundación REDMADRE, Dña. Amaya Azcona. Durante a celebración, Amaya Azcona falou do labor social realizada por REDMADRE en España, e sensibilizou á audiencia sobre as difíciles circunstancias que viven as mulleres atendidas pola rede. Proxectouse un vídeo sobre o labor recente realizada na provincia e realizouse un sorteo de produtos doados por empresas e entidades locais.
- Inauguración do **novo Centro REDMADRE en Vigo** o 7 de maio, coa presenza do presidente da Autoridade Portuaria, D. Ignacio López Chaves, a Diputada Provincial Dña. Marta Iglesias, e a Directora Xeral da Fundación REDMADRE, Dña. Amaya Azcona.
- **Reunión coa Secretaria Xeral da Igualdade**, Dña. Susana López Abella, o 23 de setembro. Na reunión se evaluó o Plan de Apoio á Muller Embarazada de Galicia, posto en marcha pola Xunta no 2012.




noticieirogalego.com
Actualizado o xoves 24 de setembro de 2015 ás 12:36

[Portada](#) | [Galicia](#) | [Local](#) | [Axenda Cultural](#) | [Deportes](#) | [Galicia exterior](#) | [Sucesos](#) | [Colaboracións](#) | [Utilidades](#)

 Enviar a un amigo
 Opinar  Imprimir

Publicidade



Facemos o libro da tua Vida
Historia Familiar, Empresarial, Deportiva... Biografías
O Meu Libro
EDITORIAL GALEGA

Asociación Red Madre e Xunta avalían o plan de apoio á muller embarazada

PUBLICADO EN: Noticias de Galicia ▶ Galicia ▼ A- A+



López Abella na reunión con Red Madre. Foto: A. Varela

A secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, reuniuse esta mañá con representantes de 'Red Madre', onde avaliaron o Plan de Apoio á Muller Embarazada, posto en marcha pola Xunta no ano 2012.

Segundo destacou a titular de Igualdade, o Plan integral de apoio á muller embarazada aprobado polo Consello da Xunta de Galicia no ano 2012 foi posto en marcha co obxectivo de artellar un abano de recursos, medidas e axudas públicas que aseguren protección ás mulleres xestantes en Galicia.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes, establece no seu artigo 3 o dereito á maternidade, que considera como un ben insubstituíble e precisa que todas as cargas e coidados que supón o embarazo, o parto, a crianza e a socialización dos fillos e fillas deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de que non constitúa unha situación gravosa para as mulleres.

Para a elaboración do Plan integral de apoio á muller embarazada tiveronse en conta as seguintes premisas básicas: prioridade das mulleres embarazadas en todas as axudas de carácter social, esforzo na información sobre os programas recursos

www.farodevigo.es
FARO DE VIGO

Local
Galicia Actualidad Deportes Economía Opinión Ocio Vida y Estilo Comunidad Multimedia Servicios
Suscriptor

Gran Vigo Comarcas Morrazo Pontevedra Deza-Taboírós-Montes Arousa Ourense

www.salvaescaleras.com
¡INFÓRMATE!
Los especialistas en salvaescaleras
ThyssenKrupp Escasa ThyssenKrupp

farodevigo.es » Comarcas

REDONDELA

El colectivo Redmadre celebra su VI Cena Solidaria en Redondela

12.11.2015 | 02:10

La Asociación Redmadre de Pontevedra celebra este sábado en Redondela la VI edición de su Cena Solidaria en la provincia. Este acto tiene como objetivo obtener recursos para atender las necesidades de mujeres embarazadas y madres recientes en riesgo de exclusión debido su maternidad. La cena será en la Casona da Torre de Cedeira y asistirá la directora general de la Fundación Redmadre en España, Amaya Azcona. Hasta el momento han confirmado su asistencia 200 personas.

Compartir en Facebook
Compartir en Twitter
g+
in

Comarcas


La 'popular' Cristina Correa toma posesión como alcaldesa de Oia al aprobarse la moción de censura

La propuesta contra la socialista Rosa Otero se aprueba en un tense plenario con el apoyo de...

GRUPO
ES.
comunicación profesional

www.
GrupoEsComunicacionGalicia.com

Política y privacidad de cookies

Grupo ES. Economía Empresa Pymes Turismo Salud/Calidad de vida Medio Ambiente Estilo-Glamour Galicia Portugal Entrevistas

SOLIDARIDAD

Redmadre organiza la VI Cena Solidaria de apoyo a mujeres embarazadas y madres recientes

por Redacción Grupo ES. • 11 noviembre, 2015


Fragmento del cartel anunciador de la cena solidaria.

La VI Cena Solidaria Redmadre en la provincia de Pontevedra, tendrá lugar el próximo día 14 de noviembre a las 21.30 h, en A Casona da Torre (carretera Vigo-Redondela).

La cena tiene como objetivo obtener recursos para atender las necesidades de mujeres embarazadas y madres recientes en riesgo de exclusión debido/agravado por su maternidad (pérdida de trabajo o estudios, falta de apoyo de la pareja y familia, falta de recursos económicos...).

A la cena asistirán la Directora General de la Fundación Redmadre en España, **Amaya Azcona**, y la presidenta de Redmadre Pontevedra (delegación local), **Mª del Carmen Areses**. Han confirmado ya su asistencia cerca de 200 amigos de Redmadre. Toda la información sobre la cena está disponible en [la web](#) y contactando en el teléfono 659772373 o en el correo pontevedra@redmadre.es

Redmadre dispone de dos centros en la provincia, en las localidades de Vigo y Pontevedra. El centro Redmadre de Vigo, que lleva abierto desde inicios del 2008, atiende el 70% de las usuarias de Redmadre de la provincia de Pontevedra, y es uno de los que más mujeres gestantes y lactantes atiende en Galicia.

Buscar en Grupo ES.

EN FOCO

Unha aplicación web permite navegar pola muralla medieval que rodeaba a cidade compostelá

A aplicación web da muralla de Santiago de Compostela, desenvolvida polo Consorcio de Santiago en colaboración co Concello compostelán, volve estar plenamente operativa. Permite navegar e coñecer mellor a antiga muralla medieval que rodeaba a cidade. Os arquitectos do Consorcio...

Leer más →

Twitter 0
Compartir 0

NOTICIAS MÁS POPULARES HOY

- Unha aplicación web permite navegar pola muralla medieval que rodeaba a cidade compostelá

Fotos de la VI Cena Solidaria REDMADRE en la provincia



Entrega de un ramo a la Directora Xeral da Fundación REDMADRE, Dña. Amaya Azcona (izda.). La presidenta de la Asociación, Dña. M^a del Carmen Areses entrega un regalo del sorteo a una de las asistentes a la cena (dcha).



Atlántico

La Redmadre abre nueva sede para embarazadas en precario

redacción. vigo localad@atlantico.net | 09 de Mayo de 2015



López Chaves, Marta Iglesias y miembros de la Redmadre, durante la inauguración de la sede.

La fundación ofreció apoyo a 182 mujeres en situaciones de vulnerabilidad el año pasado

La asociación Redmadre atendió el año pasado a 182 mujeres embarazadas y madres recientes de la provincia de Pontevedra en situaciones de vulnerabilidad, así como a 214 niños y otros miembros de la unidad familiar. Forman parte de una red que atiende cada año a más de 8.000 mujeres en toda España y que trata de empoderar a la mujer para que llegue a ser autónoma lo antes posible y pueda hacer compatible su desarrollo personal, laboral y social con el cuidado de sus hijos. Para ello cuentan con la colaboración de profesionales, voluntarios de acompañamiento y colaboradores a los que dan formación específica para atender a estas personas.

La noticia ahora es que el centro que tenían en Vigo se les ha quedado pequeño debido a que la demanda de mujeres que piden apoyo psicosocial ha crecido y que este jueves inauguraron una instalación mayor, que esta en Gran Vía 2, primer piso oficina 8. Al acto acudió el presidente de la Autoridad Portuaria, Ignacio López Chaves, y la diputada provincial Marta Iglesias, así como la directora general de la Fundación Redmadre en España, Amaya Azcona, y la presidenta de la asociación en Pontevedra, Carmen Areses, entre otras personas. La entidad lleva más de siete años

<http://www.atlantico.net/content/print/redmadre-abre-nueva-sede-embarazadas-precar...> 09/05/2015

6. ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de cumprir os nosos obxectivos, a Asociación REDMADRE Pontevedra mantén relacións de colaboración continua coas institucións públicas, con Fundacións e entidades de iniciativa social privadas, e conta co xeneroso apoio dos socios/as e doantes.

Cada un deles colabora de xeito diverso coa Asociación facendo posible que xuntos, podamos levar adiante os nosos programas e labor social. O noso agradecemento a todas elas.

ENTIDADES PUBLICAS E SOCIAIS

Durante este ano 2015, as entidades públicas e privadas colaboradoras foron:

- A Deputación de Pontevedra.
- O Concello de Vigo.
- A Fundación Filomena Rivero e a Fundación SEUR.
- A Obra Social da Fundación La Caixa

E as entidades de iniciativa social foron:

- AYUVI.
- Fogar Santa Isabel, VIGO.
- Cáritas de Vigo, Pontevedra, Redondela e Poio.
- Banco de Alimentos de Vigo e Pontevedra
- Cruz Roja de Vigo e Pontevedra, Faraxa, APES, entre outras.

O NOSO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS E INSTITUCIONS QUE APOIAN A NOSA LABOR SOCIAL

En Vigo, a 15 de Xaneiro de 2015

Asdo.: María del Carmen Areses Vidal
Presidente de REDMADRE Pontevedra

Comunicación

Datos de contacto

Teléfono REDMADRE Pontevedra: 659 772 373 / 986 192 432

Correo-e: pontevedra@redmadre.es

Web: www.redmadre.es y www.redmadre.es/galicia

Facebook: [megustaredmadre](https://www.facebook.com/megustaredmadre)

Centros REDMADRE nas localidades de:

Vigo (C/ Gran Vía 2, 1º, ofic. 8)

Pontevedra (C/ Michelena 1, 4ºK).